



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 3 DE
XUÑO DE 2010**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde,

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO (que se ausentou ás 20:40 h)

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ,

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira do BNG
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO en funcións

DON ROGELIO A CARRERA ARES

INTERVENTOR en funcións

LUIS M. LOZANO LORENZO

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día tres de xuño de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o secretario en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 8 DE ABRIL DE 2010.
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 6 DE MAIO DE 2010.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-

3º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE ABRIL DE 2010.
4º.-	ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 8 DE ABRIL DE 2010.

Non producíndose intervencións e conformes todos os concelleiros co seu contido, apróbase a acta da sesión do 8 de abril de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O 6 DE MAIO DE 2010.

Non producíndose intervencións e conformes todos os concelleiros co seu contido, apróbase a acta da sesión do 6 de maio de 2010. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

MOCIÓNS DE URXENCIA

A Concelleira do PP, Sra. Goldar Soto, solicita a inclusión do seguinte asunto: Moción relativa ao apoio á lingua galega.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Sra. Goldar Soto, do PP: Boa tarde; a moción de urxencia que pretendemos presentar, pese á comunicación por escrito que se recibiu neste acto, dicindo que xa se informaría ou que xa se nos daría unha resposta, é con respecto a que xa vimos reiterando nos anteriores plenos, porque entendemos que xa se debe debater, e independentemente do ditame que entenda a secretaría que teña que pasar polo Pleno ou non teña que pasar polo Pleno, si que podemos debater o acordo de que toda a documentación a que teñan dereito os concelleiros se realice a través dos medios telemáticos, electrónicos, ou dispositivos informáticos de que se dispoña, este é o obxecto a debater, se estamos de acordo con el, despois xa é unha resolución xa sexa segundo o criterio da Secretaría, se se vai pasar a Pleno ou se non vai pasar ao Pleno e se vai facer a partires de agora. Presentámola polo trámite de urxencia para dar por tratada a cuestión, e así no caso de que se estableza o criterio de que ten que ir a Pleno, pois xa foi, dado que non hai nada na orde do día así relevante e punto.

Sométese a votación a urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

Seguidamente, a Goldar Soto dá lectura ao texto da moción, tal e como a continuación se transcribe:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dada a área tecnolóxica na que nos atopamos, temos a necesidade de optimizar os recursos, tanto humanos como materiais como humanos, este grupo municipal entende preciso adoptar un acordo plenario a fin de que as comunicacións, notificacións e acceso á documentación á que teñen dereito os concellos, se realice a través dos medios telemáticos, electrónicos ou dispositivos informáticos dos que se dispoña no Concello. Este acordo que se peticona, xa vén anunciado a través de diversos rogos manifestados nos plenos, e por iso en atención a un principio de intermediación, celeridade, optimización dos recursos e redución dos custes, para non epregar tanto papel nin tanto tempo dos funcionarios facendo esa labouranza que precisa, de atender aos concelleiros de facer a documentación, vese preciso que daquela documentación que fose precisa e de facelo en soporte informático, se dea traslado aos concelleiros que o precisen no mesmo soporte. Ao mesmo tempo tamén se aforraría tempo e custes, non só na documentación a entregar nos plenos,

incluíndo os decretos aprobados, senón tamén as convocatorias a comisións e plenos, xunto coa documentación que se anexe a cada unha delas a cada convocatoria e a cada Pleno, por todo o anterior, prégame ao Pleno do Concello da Estrada que se leve a cabo o seguinte acordo:

Facilitar a través dos medios telemáticos, electrónicos e informáticos dos que se dispón toda a documentación aos concelleiros que así a peticionen, así como realizar as notificacións comunicacions e anuncios de convocatorias xunto coa documentación que sexa oportuna ou se incorpore a esta convocatoria a través dos medios citados.

Sometida a proposta de acordo a votación, resulta aprobado por unanimidade.

O Concelleiro do PSdeG - PSOE, Sr. Otero Espiño, solicita a inclusión do seguinte asunto: Moción relativa á redución de salarios dos cargos electos e altos cargos locais.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Sr. Otero Espiño: O grupo socialista quere presentar unha moción, no contexto actual no que nos atopamos, de crise globalizada, onde a Administración Xeral do Estado adopta o acordo dunha redución xeneralizada das escalas aos servizos e administracións, e que se establezan dun xeito graduado con criterio de progresividade, facer o mesmo para os cargos con dedicación exclusiva que hai neste concello, en concreto, sería reducir as retribucións con dedicación exclusiva para o ano 2010 e 2011, tal cal recolle a táboa da Federación Española de Municipios e que subscribe logo a FEGAMP, que sería para o alcalde unha baixada do 8%, para a primeira tenente de alcalde dun 6% e para a concelleira con dedicación parcial, dun 5%. Establecería uns montantes brutos de 4.896,00 € para o alcalde; 1.816,42 € para a primeira tenente de alcalde e 1.173,00 € para a dedicación parcial da outra concelleira. Isto está de acordo coas porcentaxes que marca a FEMP, subscrito tamén pola FEGAMP, e o motivo da urxencia é que ten que aplicarse na nómina de xuño.

Sra. López Doce, do BNG: Dende o BNG, temos que anunciar que non compartimos a urxencia da presentación desta moción, entendemos que se fai dun xeito precipitado, e non seguindo o procedemento que se ten establecido na FEGAMP, que evidentemente asume o documento da FEMP e a táboa que recolle a moción do Partido Socialista, que presenta para debate e aprobación neste Pleno, pero tense establecido un procedemento, que é unha previs Xunta de Portavoces, de xeito que a retribución dos cargos públicos soe dar pé á utilización como arma arrojadiza entre a oposición e o goberno, pois para evitar este tipo de situacións, pois nun sitio uns estamos no goberno e noutros sitios estamos na oposición, a través de chegar a unha serie de acordos ou consensos na aplicación desta táboa, no seo dunha Xunta de Portavoces que pode realizarse. Creemos que esta moción é precipitada, de tal xeito, non inclúe a proposta de redución dos cargos eventuais que ten designados a Alcaldía, que tamén teñen que ser obxecto de aprobación plenaria. A aprobación evidentemente vai afectar ao mes de xuño, pero a mesma pode facerse noutro pleno neste mes, e senón no mes seguinte con efectos retroactivos ao mes de xuño, liquidando as diferenzas que no seu caso procedesen. Como todos saben, o BNG oponse ao decreto polo cal se asimilan estes recortes, dende logo a súa validación non contou co apoio do BNG nas Cortes en Madrid, nós entendemos que nunha situación de crise, se fai falta liberar recursos públicos, había moitas maneiras de facelo, de feito fixemos unha serie de propostas como a de eliminación dos ministerios que non teñen competencias, porque as competencias son materia

exclusiva das comunidades autónomas, entendemos que é un gasto que se pode evitar; tamén defendemos o incremento do IRPF do imposto directo en función dos ingresos, que grava a renda, que todo mundo sabe o que é, e dende logo o que non compartimos é o recorte no gasto social, especialmente aos pensionistas, coa conxelación das pensións para o ano 2010, nin o recorte dos empregados públicos, e moito menos podemos compartir e apoiar que o recorte que se fai na Administración Local nos salarios dos seus empregados, tanto funcionarios como persoal laboral, teña que ser dedicado a amortizar crédito, é dicir a pagarlle á banca, e non podemos destinar ese diñeiro, nin a gasto social nin a investimentos, senón a darllo aos banqueiros, que é en definitiva para quen se fixo este decreto, para os mercados.

Sr. Alcalde: *Eu comentara isto co tesoureiro, que é quen se encarga das nóminas, e comentoume que tiña que ir a Pleno hoxe á tarde, non sei a que hora, que tiña que ir a Pleno este acordo, que entendía que o do persoal de confianza era asimilable ao dos funcionarios, polo que non era necesario tomar ningún acordo e que por iso decidín traelo a este Pleno. En calquera caso, nós asumimos as resolucións da FEMP e da FEGAMP, e así o expoñemos, así que imos votar a urxencia. Algunha intervención?.*

Sr. López Campos, do PP: *Dende logo, creo que estamos a ver como o irmán pequeno, o Partido Socialista da Estrada, é fiel seguidor das directrices e titubeos das directrices do irmán maior, do Partido Socialista de Madrid. Nós vemos unha clara imprevisión, só hai unha diferenza e é que cando se tomou esta decisión, o presidente Zapatero decidiu non viaxar a Río de Janeiro e sen embargo o alcalde da Estrada decidiu viaxar a Cuba, é unha diferenza substancial, pero que vai collendo as mañas, a actitude dos socialistas. Tampouco estamos de acordo dende logo coas decisións dese decretazo, que ao final págaas sempre, e a historia é cíclica, e sempre que goberna un partido de esquerdas en España acabamos nunha situación dun deterioro económico brutal, e sempre teñen que pagar os máis desfavorecidos, pasou no ano 1996, volve pasar agora no 2010 e hai determinadas decisións das que algúns partidos non nos queremos sentir cómplices. Eu creo que seguramente este tema xa se sabía cando o alcalde da Estrada viaxou a Cuba e quedou accidentalmente de alcaldesa a voceira do BNG, que visto o que acaba de argumentar agora, se opoñía a traer este asunto ao Pleno, con bastante bo criterio ademais, pois paréceme que coincidimos en parte nos argumentos dados e creo que o colmo dos despropósitos, que nunha orde do día dun Pleno unha vez máis, e creo que xa non somos os únicos caprichosos de o vir anunciando, que non hai nin un só punto na orde do día, nin un só punto se incorpora, dando a ver a xestión dun goberno incapaz para solucionar os problemas dos estradenses, vemos que teñen que incorporar con calzador unha moción de urxencia fóra da orde do día, cando tranquilamente poderíase ter debatido e traballado e estudado se algún representante do goberno municipal estivese presente en vez de estar de viaxe entre comiñas oficial. Polo tanto, eu creo que non cabe de ningunha maneira xa non estar a favor desta urxencia, nós xa non imos votar se estamos a votar a favor desta urxencia, estamos a falar de se estamos a favor ou non da urxencia, e dende logo para nós, non imos ser cómplices dunha mostra de improvisación total e absoluta como vén dando mostra este goberno, e para nós, dende logo, solicitamos que se pase por unha xunta de portavoces que se debata, que asista un técnico municipal que explique se as retribucións dos cargos de confianza están afectados ou non, e onde esteamos todos coa mesma información, e que tomemos esa decisión, e supoño que se poderán tomar con efectos retroactivos e polo tanto o PP votará en contra.*

Sr. Reboredo Baños: *Subscribo plenamente as palabras do voceiro do PP, no sentido da improvisación e da falta de previsión á hora de tratar todos estes temas.*

Tamén coincidimos, e é raro, pero coincidimos en que si, que estamos de acordo coa redución dos salarios do Sr. Alcalde e dos concelleiros con dedicación exclusiva, pero entendemos que debemos facer algo máis do que o Sr. Zapatero é incapaz de facer, por un lado recortarlle aos funcionarios públicos e aos pensionistas, e ao mesmo tempo, seguir nunha voráxine de gasto corrente e reparto de dádivas a todo mundo, entón nós imos votar en contra da urxencia, no seu momento votaremos a favor dos recortes que co decreto e que estea sobre a mesa, pero eu pido que sexa unha comisión, pois na Xunta de Portavoces non temos participación, podemos ir máis alá e facer un plan máis ambicioso para o Concello da Estrada e que inclúa así a bote pronto o disparate de horas extras que se están pagando mensualmente no Concello, persoal de confianza, gasto corrente, así que podemos ir moito máis alá, poñer as pilas e encender a luz que nos permita que dentro duns meses teñamos unha situación caótica tamén na Administración Local.

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *O Sr. López falaba do irmán pequeno e o maior, aquí temos que falar de tres irmáns, o mediano, o pequeno e o maior dende arriba. Hai que ser coherentes, o maior na Estrada e o pequeno tamén. Este acordo está subscrito polos grupos políticos PSOE, PP e Esquerda Unida. O irmán do medio revélase e esixe que o morgado desapareza e declarar a república independente popular na Estrada. Paréceme moi ben, como aquí vale todo, queremos mesturar churras con merinas e buscar tema de debate, pero non hai problema ningún, e o único que fai este grupo de goberno é asumir o acordo da FEMP, asumido pola FEGAMP. Cando se usan cualificativos, ou se é un demagogo, ou o menos que se debe ter é un pouquiño de capacidade, de axuste, xa non digo de espazo, porque ás veces alguén perde a noción. Dende as alturas é moi fácil que haxa algo de falta de rego, evidentemente unha dislocación espacial sempre se produce, os doutores, creo que lle chaman síncope, pero si polo menos ter un axuste temporal e a cronoloxía é a seguinte, o 25 de maio de 2010, este goberno estaba á espera dos acordos que tomase a Federación de Municipios e Provincias e a FEGAMP, xa se anunciou no seu momento, que estabamos á agarda do que se ditaminara e para facer estritamente o seguimento das indicacións que se formularan. Este acordo foi formulado o 25 de maio de 2010; hoxe estamos a 3 de xuño; improvisación?, o Pleno estaba convocado dende o 31, eu recibina o luns; só lle digo que mire, o que está claro é que este goberno vai seguir escrupulosamente as indicacións da FEGAMP, fagamos o que queiramos, pero aquí non imos discutir o decretazo, porque a ver se imos entrar a discutir as disquisicións da Unión Europea, do FMI, sería interesante, dende logo tomarei nota das súas achegas e aprenderei gustoso, agora, cando vimos con estes argumentos para rechazar rebaxarlle o soldo ao alcalde por parte da oposición, veña o demo e o vexe, é a primeira vez que a oposición se opón a unha redución salarial.*

Sr. López Campos, do PP: *Eu creo que vostede, a min afectárame o mal de altura e a vostede afectáralle o mal das tabernas, Sr. Espiño porque vén vostede un pouco destemplado.*

Sr. Alcalde: *Sr. Campos, eu voulle rogar que respecte, encarecidamente que teña un respecto polos integrantes desta Corporación, por favor non me interrompa, respecte aos integrantes desta Corporación porque se estará respectando a vostede mesmo.*

Sr. López Campos, do PP: *Que me respecte el a min tamén, porque aquí seguimos discutindo só o que ao Sr. Espiño lle interesa, aquí o que hai a única discusión que pode haber é a que vostede permite, no seu circunloquio particular ao que nos ten acostumados, aquí só é interesante o seu, pero cada un representa a súa opción*

política e ten o dereito de poder expresarse; ademais nun Pleno no que se vostede quixesen introducir contidos, poderíamos debater, pero como non o introducen teremos que introducilos a oposición, como vén sendo habitual nesta lexislatura. Creo que vostede non ten discurso, non pode expoñer un debate sobre este tema, porque é bastante infumable o que están defendendo, o que pasa é que non pode discutir ou non pode dicirle ao PP que nós non queremos rebaixarlle o soldo ao alcalde; nós o que estamos debatendo é en contra da urxencia dunha moción, é o único que estamos facendo. A urxencia dunha moción porque entendemos que non é urxente, porque este acordo o tiñamos todos o 25 de maio e recibimos a convocatoria do Pleno o día 1 de xuño. Entendo que se vostedes convocaron o Pleno o 1 de xuño, entendo que non son moi eficaces, pero do 25 de maio ao 1 de xuño deulle tempo de incorporar un punto na orde do día, o único punto de debate na orde do día que era a moción de urxencia, pero non creo que sexa ademais un tema que sexa deste Pleno nada máis, vímolos denunciando durante os últimos meses. Quérolle recordar que tempo atrás abandonamos un Pleno porque consideramos que se estaba producindo un auténtico paripé, e que se estaba anulando o debate plenario, e vemos que o tomaron xa como norma habitual, e dende logo non é que a oposición non queira, é que os seus propios socios de goberno están criticando as súas posicións, non intente mesturar vostede o que non quere que mestremos os demais. Os seus socios de goberno están dicindo que é unha fórmula contraproducente que non ten xustificación e que ademais que si hai unha serie de decisións que recomenda a FEMP que se deben acometer antes de levalo a unha sesión plenaria, e o que estamos dicindo é que se cumpra con eses acordos que se estableceu na Fedederación Española de Municipios e Provincias. Nós estamos de acordo nesta moción?; está claro que nós estamos por cumprir e facer cumprir ese acordo, non pode dicir vostede o contrario ou poñer na miña boca que eu estou dicindo o contrario do que di o acordo, porque eu en absoluto dixen iso; a vostede interésalle abrir ese debate, eu non dixen que estaba en desacordo con esa moción, eu dixen que estaba en desacordo coa urxencia, en ningún caso coa moción, eu estou en contra do decretazo, pero vostede comprenderá que vostede ao mellor segue a pés xuntillas as directrices de Madrid, ao mellor vostede é un servo fiel do seu partido, pero ben, ao mellor pensa que se se lle anula a posibilidade de endebedamento ao Concello non pasa nada, dá igual, é o noso partido e hai que facer o que o partido diga. Temos que recortarlles os dereitos sociais aos traballadores e funcionarios?; dá igual, non pasa nada, como o di o PSOE, iso si, erixímonos no garante da sociedade do benestar, e a sociedade do benestar non existe se non hai traballo, e aí é onde está o fundamento da economía do benestar, e vostedes cada vez que tiveron a oportunidade de tocar goberno e botaron un tempo determinado nel, ao final deixaron a situación económica como a deixaron. Á parte é un tema histórico, non é nin da última etapa de Felipe González nin da última de Zapatero, foi así sempre na Historia e diso vostede sabe bastante, ao final os gobernos socialistas é o que teñen, saben gastar pero non saben como xenerar, e iso é un grave problema que se causa a toda a cidadanía e que agora teñen que pagar xustos por pecadores. En tema de gastos sociais nós estamos en contra de que paguen xustos por pecadores, e estamos en contra de que se traten todos os concellos por igual, pois vaise producir unha situación con esta prórroga ata o 31 de decembro para poder endebedar aos concellos, que vai producir que os concellos máis endebedados, pola propia perversión do sistema son os que máis se poidan endebedar e se sitúen nunha situación peor economicamente, e ademais estamos en desacordo en moitos deses aspectos. Que é certo que hai que facer un axuste? Pero iso non é de agora.

Sr. Alcalde: Sr. López, recórdolle que estamos falando da urxencia da moción e non do decreto famoso. Polo tanto aténase ao debate da urxencia, e polo tanto se vostede vai votar en contra, pois moi ben, defenda o votar en contra, para reconducir un

pouquiño o debate ao cauce no que estamos.

Sr. López Campos, do PP: *Estou niso, pero o que hai de fondo ten lugar para o debate, pero o que hai de formas, as formas tamén hai que mantelas Sr Espiño, vostedes están botados ao monte, están acostumbrados nesta lexislatura a facer o que sempre se fixo neste Concello; iso non quere dicir que os demais teñamos que pregarnos aos seus desexos de seguir facendo e campando ás súas anchas neste Concello. É unha clara mostra de improvisación, e vostede tiveron seis días. O Pleno foi convocado o día un, seis días para incorporalo á orde do día do Pleno, non o fixeron, tramitan a urxencia, non contan cos apoios dos seus socios de goberno, e nós entendemos que este non é motivo, e como outras veces vostedes votaron en contra das urxencias mostradas polo PP e non houbo tampouco debate. Polo tanto, estamos de acordo en que hai que recortar os soldos dos altos cargos, estamos de acordo en que ao mellor habería que tomar medidas excepcionais ante situacións excepcionais, máis excepcionais das que estamos expoñendo, por iso creo que é conveniente tamén que se pase por unha xunta de voceiros e se debata tamén cal é a nosa achega dende o Concello da Estrada a ese plan de austeridade que temos que facer e que todos temos que apretar o cinto, creo que aí debemos dar un exemplo extraordinario, non só cinguirnos ao que nos marca porcentualmente o acordo da FEMP ou da FEGAMP, ao mellor aquí é unha situación excepcional e podemos e temos onde recortar de forma considerable o gasto corrente e axudar a mellorar a situación económica e aí eu creo que nese debate e nesa mesa de diálogo, debemos acordar as condicións e despois traelas ao Pleno, debidamente acordadas entre todas as forzas políticas. Polo tanto, eu rogo, xa non é dicir que é necesario que exista esa condición previa e a partires de aí que procedamos á súa votación.*

Sr. Reboredo Baños: *Mire Sr. Espiño, vostede quere dar titulares, e entendemos que o titular de que a oposición oponse á rebaixa do soldo do Sr. Alcalde, pero voulle dicir máis, eu opóñome persoalmente a iso, porque entendo que non é a solución, é dicir, eu que son un pagán nos disparates do Sr. Zapatero, co 5,75% que me van reter da miña nómina ante unha situación que non provoqueei, o que me parecer fóra de lugar é que ese señor siga disparatado no seu gasto que lle importa ao país tres bledos e que dentro de seis meses, e aquí na miña modesta opinión anuncio que a situación vai ser bastante máis grave e non imos ter que recortar o cinco ou o oito por cento, imos ter que recortarlle o 25%, pois imos cara un precipicio terrible. Entón, aproveitemos a ocasión, se temos que os funcionarios, e eu achego a miña parte á recuperación do país, fagamos políticas serias, fagamos compromisos serios, que impliquen aos máis favorecidos, se primen aos menos favorecidos, pero que fagamos un axuste que nos permita saír o máis rapidamente posible. E hai un tema, a min non me falen vostedes de crise internancional, a media de desemprego en Europa, nos países da UE está do 10,1% e nós temos o 20%, entón aquí hai algo que se está facendo mal, é dicir moito peor do que se está a facer en Europa, e ten un culpable, entón aproveitemos como digo a situación para nesa comisión para ver de onde podemos sacar para facer un axuste xa, que o imos ter que facer en pouco tempo.*

Sr. Otero Espiño, do PSdeG – PSOE: *Por aclarar algúns feitos, aquí o que se está tratando é de baixarlle o soldo a un alcalde e dous tenentes de alcalde, non estamos falando dos catro millóns de funcionarios. Hai algunhas imaxes que se me veñen á cabeza; este discurso machacón, constante reiterativo, recórdoos dende o 93, GAL, FILESA, resúltame familiar ese bum machacón da gota china; Sr. Reboredo eu recoñezo que o Sr. López pasou por ciencias e por ciencias as fórmulas se poden facer enrevesadas, pero vostede que é de letras coma outros sabe que as cousas non son matematicamente exactas. Recordo que entre o 96 e o 2003 a vostede e a min*

nos rebaixaron máis dun 8% de poder adquisitivo nunha época de bonanza económica por conxelación salarial. Digo perda de poder adquisitivo nada máis.

Sr. Alcalde: Nós o único que pretendíamos era a redución dos soldos para que se aplique na nómina de xuño, polo tanto imos manter a moción e sometela a votación.

Sometida a votación a urxencia desta moción, resultan nove votos a favor (PSdeG – PSOE: Sres/as Dono López, Otero Espiño, Sanmartín Obelleiro, Maceiras Vicente, Aguiar Lale, Asorey Brea, Magariños Cobas, González Rodríguez e Louzao Vieites e dez votos en contra (PP: Sres/as López Campos, García Villar, Maïssa Rodrigo, Vicente Vicente e Loureiro Méndez) e BNG: Sras/es López Doce, Ruíz Ferro e Castro Blanco e non adscritos: Sres Reboredo Baños e Torres Álvarez) polo que por maioría se rexeita a urxencia da moción presentada.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN.-

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE ABRIL DE 2010. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 246 e 354 correspondentes ao mes de abril de 2010.

O Concello queda sabedor.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Goldar Soto, do PP: Pregunto se xa está feito o diagnóstico de todas as estradas municipais para fixar prioridades de mellora, se xa está rematado ou se xa se ten un programa ou un plan feito.

Sra. López Doce, do BNG: Agárdase que o vindeiro luns se faga en Xunta de Goberno a adxudicación provisional, que unha vez que se ap robe ten que estar quince días hábiles en exposición pública no Perfil do Contratante, unha vez que pase ese prazo asínase o contrato, e a empresa ten cinco meses para a execución do traballo, contamos que estea antes da elaboración dos vindeiros Orzamentos Municipais.

Sra. Loureiro Méndez, do PP: Neste tempo de crise, non é unha barbaridade facer unha adquisición de cartafóis para a Rapa das Bestas por un importe de 14.780,80 €, paréceme algo demasiado.

Sra. López Doce, do BNG: Se vostede tivese a paciencia de agardar á próxima xunta de goberno, porque primeiro había que aprobar a edición do material promocional, na seguinte xunta de goberno aprobouse o prezo público en base á ordenanza que se aprobou en setembro do ano pasado e que está vixente para que o Concello poida cobrar polos materiais promocionais que edita, tería vostede o acceso ao estudo económico que prevé a recuperación do importe case ao 100%, pois eses cartafóis van ser postos á venda ao público a un prezo de 10 € cada unidade en colaboración coas casas de turismo rural e os establecementos do noso Concello que demandan actuacións dese tipo. Creo que non é un despilfarro, senón unha medida necesaria con escaso custe económico.

Sra. Goldar Soto, do PP: Quería facer a pregunta de se se vai seguir, porque se vén observando polo menos dende o temo que levo eu aquí, unha realización habitual de

horas extras e claro agora neste momento que se está a falar de contención de gasto, sinceramente a esta concelleira e tamén falando cos restantes membros do grupo, sorprende que nun mes se poida pagar de horas extras sobre setecentos setecentos cincuenta euros. Entendo que é unha política, unha continuidade que polo que entendo era tremendamente criticado con respecto aos anteriores. Non importa quen o fíxese primeiro, pero a miña pregunta é: vaise seguir empregando este número de horas extras e aboándose en cada trimestre unhas retribucións líquidas de en torno aos 14.000 €; non se pode planificar o traballo, salvo casos excepcionais que poida ser a xornada de verán, de prevención de incendios, que teña que ser a policía local nos casos específicos, non se pode organizar o traballo, non se pode ter unha contención neste senso?.

Sr. Alclade: *Agardamos que coa aprobación da RPT que estamos elaborando, organizárase doutro xeito. Mentres, polo menos pola miña parte, imos seguir presentando os servizos na medida do posible. Hai cuestións imponderables, como que teñamos catro municipais de baixa e dúas vacantes, que son seis, co cal se queremos manter o servizo nos obriga a facer determinadas cuestións e polo tanto á parte dos imponderables, o resto é probable que coa RPT poidamos facer unha ramificación como di, máis axeitada do traballo para poder responder a esta cuestión.*

Sra. Maïssa Rodrigo, do PP: *Unha cuestión moi concreta sobre a posibilidade de levar a cabo un campus de verán para este ano 2010. No Pleno do mes de xaneiro de 2009, este Pleno aprobou a moción do grupo municipal do PP de solicitar da USC a realización de cursos de verán 2009 e anos seguintes na vila e pasar a formar parte dos campus de verán de dita universidade. O ano pasado non houbo ningún campus de verán no ano 2009 e este ano 2010 leo na prensa “a USC aprobou a realización do curso de verán lalinense sobre igualdade de oportunidades”, entón a miña pregunta é ¿houbo algunha resposta por parte da USC á nosa solicitude?; ¿imos ter algún curso de verán da USC neste 2010?; se a resposta por un casual fose afirmativa, gustaríanos saber cal vai ser ese curso.*

Sr. Alclade: *Non teño información agora aquí, contestarémolle por escrito.*

Sra. Maïssa Rodrigo, do PP: *Fago outra pregunta no mesmo senso, é sobre a Universidade Internacional Menéndez Pelayo, tamén na sesión do mes de agosto de 2009 este Pleno aprobou por unanimidade a moción do Grupo Municipal do PP de solicitar da Universidade Internacional Menéndez Pelayo a consideración da nosa vila como sede para a cursos de verán de dita universidade en sucesivos anos. Preguntas: houbo algunha resposta da Universidade sobre a nosa solicitude?; Imos ter algún curso de verán neste 2010, e se a respos*

Sr. Alclade: *Contestarémolle por escrito.*

Sr. López Campos do PP: *En relación e unindo á pregunta que fixo a anterior compañeira e a resposta do alcalde, isto xa sona como unha tónica constante repetitiva de actitudes do goberno de estamos a piques de, que é a tónica xeral nos últimos tres anos “estamos a piques de rematar o Plan Xeral”, “estamos a piques de rematar a RPT”, “de rematar as beirarrúas de Codeseda” “estamos a piques de solucionar as horas extras”, sempre estamos a piques de, levamos tres anos a piques e o que estamos indo é a pique pola súa nefasta xestión á fronte do goberno. Tema da RPT, “estamos a piques de rematar a RPT”, pero se iso xa o dixeron hai un ano e medio, entón eu creo que é conveniente facer unha pregunta; cales son as previsións do goberno en torno á RPT, e cal é a situación actual desa ansiada e demandada*

RPT que está dando unha cobertura a uns sobrepagamentos mensuais a determinados funcionarios que están facendo horas extras e que están tendo informes constantes de Intervención en contra porque son ilegais, e polo tanto é conveniente rematar xa a RPT e saber cales son as previsións do goberno nesa materia.

Sr. Alclade: *O de piques é cousa súa, eu nunca dixen a piques de nada; o que si dixen é que as negociacións dos sindicatos na Mesa de Negociacións están bastante avanzadas, e estimo que o prazo que nos queda é corto, vostedes xa saben que é un tema complicado, xa o intentaron facer varias veces e nunca o conseguiron, e polo tanto saben que é un tema complexo. Creo que é a terceira vez que se tenta neste Concello, nós preferimos ir negociando ata o límite, se ao final non se chega a un acordo non se chega, pero seguimos seguir negociando, polo que hai que facer múltiples reunións, modificacións, un pouco tratar de levar ata o límite a negociación, se despois non pode ser non será. Estamos bastante avanzados, tamén é certo que falta unha parte moi substancial, pero queremos rematar esta cuestión. Creo que é importante polo que falabamos da organización do traballo, e para ter un marco do que vai ser o persoal do Concello nos próximos anos. Repito, se hai acordo, se non hai acordo este goberno ten o compromiso de aprobar a RPT aínda que sexa sen acordo, cos sindicatos me refiro.*

Sr. López Campos do PP: *Pois estaremos sobre a pista a ver se se materializa, e en relación a iso tamén supoño que estaremos a piques de iniciar as obras da variante da Estrada, estabamos a piques no 2009, tamén no mes de outubro de 2009, xa ían empezar a traballar as máquinas a final de ano, xa ían estar escavando e aínda non ía ser nada, e dadas as noticias que están saíndo ultimamente nos medios de comunicación, hai unha pregunta que hai que aclarar se vostede é coñecedor, tendo en conta o recorte que vai aplicar o Ministerio de Fomento, se vostede é coñecedor se ese recorte afectará nalgunha medida ás obras da variante da Estada, tanto en retraso de prazos como en retraso de execución ou se pon en perigo a súas execución definitiva.*

Sr. Alcalde: *Como vostede di, ultimamente as noticias na prensa ultimamente están moi ben, e eu quéro lle transmitir que a ese respecto, agora non teño esa información. Dentro das obras do Ministerio, non entra dentro da planificación non entra dentro das liñas de alta velocidade, polo tanto non vai por aí; aí si puiden ter hoxe claro cal é a solución a cada obra, e este tipo de obras non entran dentro deste tipo de planificacións, e a día de hoxe a min non se me comunicou que afectación tería o Ministerio referente a esta obra, e polo tanto vouno manter. En calquera caso, cando sexa o seu momento interesaremonos por esta cuestión.*

Sr. López Campos do PP: *Ben, pois outro tema que debe estar a piques de rematar é o expediente de responsabilidade patrimonial da casa de Codeseda, tamén é un expediente que levamos preguntado e debatido sobre el nos últimos anos ou meses, e nunca houbo unha posición clara por parte do goberno municipal que é bastante esquivo con ese tema, e tamén nos gustaría saber en que situación está ese expediente de responsabilidade patrimonial e se coñece vostede ou ten vostede prazos que temos que cumprir ata ter o expediente perfectamente finalizado e as propostas de resolución enriba da mesa.*

Sr. Alcalde: *Este tema está bastante avanzado, pero como vostedes sabe o problema de saúde da secretaria paralizou este e outros temas, pero en canto se incorpore clarificaremos esta cuestión definitivamente.*

Sr. López Campos do PP: Dende logo, xúntanselles a vostedes todas as desgrazas habidas e por haber, antes cando había outro goberno ese tipo de explicacións non valían ou polo menos ao voceiro non lle valían ese tipo de explicacións por parte do goberno, agora parece que está claro que respostas ambiguas demostran un pouco cal é a capacidade de previsión deste goberno, pero tamén teremos que estar a piques de buscarlle unha solución á problemática das beirarrúas de Codeseda, outro tema que herdaron vostedes nesta lexislatura e na que tiveron actuacións non moi brillantes pola súa parte e que o meteron a vostede nunha situación bastante complicada para poder acometer unha solución. Polo tanto, supoño que despois de iniciar o expediente de deslinde, de coñecer cales son os propietarios dos terreos afectados e de saber desa problemática supoño que estaremos a piques de saber a solución definitiva dese embrollo das beirarrúas de Codeseda no que vostedes só se meteu e do que non foi capaz de saír. Por iso quero saber que previsións ten e en que estado está actualmente ese proxecto.

Sr. Alcalde: O Concello xa ten claro cal é a titularidade dos terreos e estamos agora mesmo nunha fase de negociación cos interesados para intentar sacar este tema sen forzar a situación. O tema témolo clarísimo, e sacariámolo se consideramos que non hai ningunha posibilidade de negociación cos propietarios, que cremos que si a pode haber.

Sr. López Campos do PP: Pois felicítooo de verdade, que despois de tres anos sexa quen de saber o que todo mundo sabía sobre esas beirarrúas de Codeseda, por ser capaz de destapar ese gran segredo que estaba pechado detrás das beirarrúas de Codeseda, todo mundo sabía cal era a situación menos quen non o quería saber e seguramente quen non o quería saber, pero agora xa ten un informe que valida o que dicía todo o mundo sobre a titularidade que acreditaban as documentacións e agardo que asuma vostede a responsabilidade e remate tres anos despois.

Sr. Alcalde: Ten algunha outra pregunta sobre este tema?, porque senón sobra o comentario.

Sr. López Campos do PP: Si, a seguinte, é para centrar o debate, porque está claro que a axilidade non é unha gran virtude deste goberno, pero vemos como se nos achegou ese informe que parecía desaparecido, si apareceu en urbanismo, pero si non vimos contestadas, que tome medio en broma as sesións plenarias, sen darlle cumprida resposta ás preguntas da oposición no seu lexítimo dereito, senón que xa nin as contesta. Xa non mantén nin esas formas, fixémoslle unha serie de preguntas sobre o tema de tráfico e non vexo ningún tipo de resposta sobre as preguntas efectuadas, si ás que se lle formularon á concelleira de urbanismo, pero non teño ningunha contestación ás preguntas que se lle formularon naquel Pleno, supoño que terá unha xustificación pola súa ausencia estes cinco días por unha viaxe moi xustificada para solucionar os problemas que teñen todos os estradenses. Pero gustaríame saber, aínda que xa lle demos un mes e non me contesttou, se existe a memoria anual de tráfico, coa intención de poder achegala polo menos aos grupos da oposición.

Sr. Alcalde: Contestarémolle por escrito, pois neste momento non sei se o xefe da Policía Local ten ese documentos listo, pero non se preocupe por ese tema, se hai algunha pregunta que non se lle contestou eu non son consciente, pero pode repetila que se lle contesta sen problema.

Sr. López Campos do PP: Podo repetilas cen mil veces, total non mas contesta, é o mesmo traballo.

Sr. Alcalde: *O que non pode ser é respectuoso, pero iso xa non o imos conseguir.*

Sr. López Campos do PP: *Eu creo que de momento, e así consta en acta, o único que faltou ao respecto nalgún debate plenario foi o alcalde.*

Sr. Alcalde: *Si, un respecto exquisito, comprobámolo neste Pleno xustamente. Pode continuar coas súas preguntas.*

Sr. López Campos do PP: *Dende logo, comparable ao de outros que presencian este Pleno, e todo se pega, dende logo. Hai un tema que tamén preocupa bastante aos veciños, que é o estado xeral de determinadas beirarrúas no casco urbano, moitas veces coincidindo con pasos de vaos permanentes, outros polo mal estacionamento de vehículos, aínda que o alcalde descoñeza ese caos de tráfico, tal e como contestou hai dous plenos que existía ese caos de tráfico, pero hai moitas plaquetas nas beirarrúas que xeran bastante perigo para a circulación dos peóns, e sobre todo detectados na rúa Forcarei, na Rúa S. Antón, na Avda. Benito Vigo, na Avda de Pontevedra, tanto no tramo que vai na saída cara a Cuntis como na saída cara a Lagartóns, e polo tanto cóstanos que están causando bastantes problemas e eu creo que incluso que ultimamente xa hai algún expediente de responsabilidade patrimonial por caída na vía pública, nas beirarrúas e polo tanto rogamos que se faga un esforzo, xa non por estética que debería ser, senón pola propia seguridade vial dos peóns que circulan por esas beirarrúas. E nesa liña, tamén estamos detectando polo actual estado dos contedores de lixo. Xa o fixemos aquí no seu momento, pero o concelleiro dixo que non tiña detectado ese problema, pero si existe un estado estético bastante deplorable e existe un mal olor que facía falta que se limpasen, sobre todo chegando agora as datas que chegan, porque é certo que hai zonas do casco urbano no que se produce unha situación bastante molesta para os veciños desa zona. E para rematar, creo que debemos facernos eco desa viaxe relampo que fixo o seu goberno, porque xa non foi o Sr. Alcalde senón o Sr. Alcalde e o seu séquito, alén dos mares; extraña un pouco que un goberno se poida permitir este capricho, porque si é certo que non tiveron tempo de incorporar a rebaixa dos soldos no Pleno de hoxe, pero tampouco tampouco tiveron tempo de anular como fixeron outros, as súas viaxes programadas, aínda que ao mellor tiñan máis interese en ir ca en quedar, pero o que está claro é que deben ser dos poucos exemplos no noso territorio de cargos públicos que se permiten o capricho de viaxar durante cinco días nunha viaxe de placer basicamente, porque non entendemos que existise unha razón real para efectuar esa viaxe, e dende logo pola nosa parte entendemos que é bastante recriminable esa actitude e sobre todo coa que está caendo e na situación actual. Está claro que ninguén nos pode tomar en consideración se non sabemos dar exemplo. Estamos falando de austeridade, recortes, apretando o cinto, que nos poidamos dar o luxo de ir cinco días a Cuba, pois creo que deixa bastante en entredito cal é a preocupación de cada un. Entón eu quería formular unha serie de preguntas a raíz desta viaxe efectuada nestes días, e a primeira é cales foron os motivos que levaron ao alcalde e ao séquito de persoas que o acompañaron a programar unha viaxe a Cuba e se esa viaxe era institucional e todas as actividades que se desenvolveron, se todos os días tiñan actos institucionais.*

Sr. Alcalde: *Se fai todas as preguntas xuntas, contéstollas todas xuntas, de todos xeitos voulle dar por escrito toda a información, pero pode facer todas as preguntas que estime oportuna.*

Sr. López Campos do PP: *Gustaríanos saber cales foron os membros do goberno local e o persoal e familiares que viaxaron e cales son os motivos por que o fixeron.*

Cal é o motivo, polo que se era unha viaxe institucional só foron representantes do Partido Socialista, se é que non foron acompañantes da outra parte do goberno ou se non os levaron nesa viaxe. Cales foron os actos institucionais programados e efectuados en Cuba durante eses cinco días, que gasto representa para as arcas municipais e por que concepto de gasto os efectuados durante eses cinco días polos representantes municipais e os acompañantes municipais que foron a esta viaxe nos últimos días e se o motivo principal foi o 95 aniversario, como se dixo nos medios de comunicación, unha data dende logo moi sinalada e moi importante para poder xustificar esa viaxe, e se o motivo foi tamén a concesión dunha axuda de 1.000 euros aprobada na Xunta de Goberno Local para sociedade de Fillos da Estrada na Habana, e gustaríanos saber tamén se neste ano que queda o alcalde se vai permitir o capricho de ter algunha viaxe máis pseudo-institucional, para cumprir os seus desexos.

Sr. Alcalde: *Moitas grazas. Alégrome de que me faga esta pregunta, ben, é lamentable que me faga este tipo de preguntas aquí, e que faga a valoración da viaxe que fixen porque me obriga a min dar unha serie de explicacións que a min non me preocupa dalas, pero é probablemente que aos estradenses de alí da Habana non lles sente demasiado ben que se dean. E non me refiro aos membros que foron, nin que se gastou diñeiro, nin todo iso que lle daremos por escrito, en todo iso non hai problema, pero si que me refiro a que fomos a facer alí a Cuba, e evidentemente tal e como vostede ben dicía era o 95 aniversario, loxicamente houbo unha invitación expresa, pero ese non foi o motivo, ten vostede razón, o motivo foi evidente e lamentablemente a situación dos veciños da Estrada alí, eu diría que moi preocupante, fomos levar unha serie de axuda que podemos chamar humanitaria importante, dende alimentos ata produtos de aseo, medicamentos, un ordenador, un teléfono móbil, unha gaita e uns punteiros para que fagan un grupo folclórico galego, e tamén os 1.000 euros que ten concedido o Concello a esta agrupación dende hai tempo, que creo que non foi un invento meu. Eu non vou entrar no que se critica ou non se critica, o que me parece absolutamente lamentable é que se critique unha viaxe no que o Concello paga os gastos do alcalde e do funcionario que leva as relacións coas institucións, polo tanto todo o demais sobra, porque pode ir quen queira, pode ir vostede tamén, evidentemente, que fai a invitación son eses señores e invitaron ao alcalde e a Valentín que como vostede sabe lle fixeron unha declaración de Socio de Honor, polo tanto me parece lamentable cando no 2006 vostedes fixeron unha viaxe a Cuba e se quere estudamos os gastos desa viaxe para empezar o dobre de días, ou sexa que as vacacións; si, vostede non iría pero lamentablemente alguén foi e non cinco días senón dez, e se quere analizamos eses gastos, porque claro se estudamos este a fondo, ímolos estudar todos, ímolo mirar, e como lle dicía, que eles alí se enteran de todo o que pasa aquí, porque son cuestións que vostede podía terme pedido por escrito e que eu lle ía aclarar e xa estaba aclarado o tema, o que me parece é absolutamente demagórico utilizar estas cuestións que non veñen a conto. Vostede sabe perfectamente, porque ademais o sabe, que nós non fomos alí de vacacións, sábeo perfectamente, que había un programa de actos establecido para todos os días que estivemos alí, sabe, porque me consta que o sabe, que iamos levar esa axuda e que iamos entregar a subvención como todos os anos, porque iamos alí senón houbéraselle remitido como todos os anos, e paréceme absolutamente lamentable que se utilice isto, cando hai exemplos, porque tamén a Xunta estará en crise, hai exemplos que non podo numerar, porque a min o que pasa na Xunta non é da miña incumbencia, pero pódolle enumerar as viaxes dos últimos días que se fixeron en plena crise, eu non vou enumerar que haxa crise, pero tampouco vou ser tan miserable como para non ter en conta as dificultades polas que está pasando algún colectivo de estradenses, de tan estradenses como os que estamos aquí e que polo tanto me parece unha cuestión que politicamente eu non utilizaría, agora ben,*

se vostede o quere utilizar alá vostede. Ímos pasarllo todo antes do próximo Pleno.

Sr. López Campos do PP: *Quedamos en que nos ía pasar por escrito todo. Imos ver, falamos que usei, eu non usei nada, o único que sei é as explicacións que me está dando vostede agora. Descoñecía que ía viaxar vostede a Cuba.*

Sr. Alcalde: *Ten algunha outra pregunta, entendo.*

Sr. López Campos do PP: *Si, eu descoñecía absolutamente todos os motivos, se os coñecese teña por seguro que non llos preguntaría, preguntaría outras cousas que non soubese. O que está claro é que foron vostedes levar axuda humanitaria; pero nos tempos que corren, parece lamentable a explicación que dá vostede sobre a súa viaxe, se a vostede lle preocupa ou lle molesta que a oposición fiscalice o labor do goberno, ou non está acostumado, será problema de vostde, non problema da oposición, o que está claro é que a min o que me parece lamentable é que vostede intente xustificar o gasto, que xa veremos cal foi nun envío de axuda humanitaria que foi case convencido que foi maior o gasto que a axuda que se enviou. Estou seguro e á espera de que vostede poida achegar a achega do gasto efectuado, e polo tanto eu creo que hai unha cousa que se chama eficacia, xestión e hai unha cousa que se chama racionalización de fondos públicos de forma austera, eficaz e racional e nun momento como o que toca vivir, creo que a cousa non está como para andar gastando nalgunhas cousas que ao mellor noutros momentos non eran criticables, pero que si o foron criticables e duramente criticadas.*

Sr. Alcalde: *Cal é a pregunta Sr. López? porque está divagando.*

Sr. López Campos do PP: *A miña pregunta, é que lle reitero se ten aí e mo pode achegar hoxe, sería de gran axuda, cal foi o valor da axuda humanitaria, porque lle crin entender que axuda achegada era 2.000 € e eu na Xunta de Goberno Local vin unha axuda de 1.000 €, cal foi a axuda económica e cal foi o valor aproximado, porque supoño que o terían que declarar vostedes, cal foi a axuda humanitaria, e cales foron os gastos, amén de entrar logo en máis detalles, nos que incorreron e que fixeron incorrer ás arcas municipais nesa viaxe.*

Sr. Alcalde: *Vostede non sabe de que fala, como case sempre. É que non se trata de levar equis cantidade. Se queren aceite de oliva temos que mandarllo nós de aquí porque alí non o poden comprar, non é mandarlle o diñeiro. O ordenador temos que levarllo nós porque alí non o poden comprar. Non vaia vostede por aí, volta coa demagogia se se gasta máis na viaxe que coa axuda. Mire vostede, esas historias todas estamos todos cansados, o que pasa é que vostede non acaba de entender nin de ter a sensibilidade necesaria para entender este tipo de cousas, e está disposto a todo con tal de desgastar ao goberno, incluso a facer demagogia con cousas serias e estamos falando de cousas, que non se trata de mandar o diñeiro para que compren eles, é que alí non se poden comprar. Así de sinxelo, polo tanto hai que levalas. Repítolle que canto máis fale deste tema peor, xa llo digo eu, cambie de dirección, este non é o tema, porque todos os estradenses teñen sensibilidade, e moitos deles teñen familiares na emigración, que o están pasando mal, e entenden a situación e o que se está facendo, e eu ánimoo a vostede a que chame aos directivos da asociación e que lles pregunte pola viaxe, así de sinxelo, que lles pareceu a viaxe. E nada máis, se vostede quere seguir facendo demagogia con isto, pois moi ben, pero eu dígolle que se volve equivocar, que non van por aí os tiros.*

Sr. López Campos do PP: *Vaime dar agora a min leccións de oposición, vamos, vostede darame lección de goberno, pero de oposición, pero os criterios de*

oposición póñoos eu, e o que nos preocupa a nós e á maioría dos veciños é onde se gastan os seus recursos, e a nosa obriga é preguntarlle, non lle estou dicindo que manden diñeiro alí para que comprén, eu sei cal é a situación en Cuba, seiño perfectamente, pero que nos diga en pleno século XXI que teña que ir vostede alí levarlle un ordenador aos cubanos, residentes ausentes de España.

Sr. Alcalde: *Se quere para a próxima vez envío a vostede a levarllo, non hai ningún inconveniente. Ten algunha outra pregunta?.*

Sr. López Campos do PP: *Eu tería tanta sensibilidade que eu non iría, é a diferenza, eu non iría e vostede foi, esa é a única diferenza, no 2006 eu estaba no goberno e non fun, e vostede no 2010 nunha situación bastante peor foi.*

Sr. Alcalde: *No 2006 non foi ninguén. Creo que era unha delegación moito máis numerosa que a nosa, pero agora resulta que non foi ninguén.*

Sr. López Campos do PP: *Eu dende logo non fun, e polo tanto podemos falar de credibilidade, o que fai cada un cando ten responsabilidades, eu para rematar voulle facer un rogo, si e tamén foi un representante socialista é verdade, e sumándose un pouco ao criterio xeneralizado establecido en todas as administracións, rógoche que busque en pleno século XXI outras fórmulas de axudas á nosa emigración, e dende logo nós estamos a favor diso, e dende logo de que todos os recuros que teñamos á nosa disposición podelos poñer a disposición de todas as persoas que o están pasando mal e que están nunha situación realmente delicada, pero rógoche que non efectúe outra viaxe con cargo aos fondos públicos mentres esteamos nesta situación de crise xeneralizada, se absteña de cargar gastos innecesarios ás arcas municipais, porque dende logo é unha situación bastante xeneralizada.*

Sr. Alcalde: *A representatividade institucional en calquera caso correspóndelle ao alcalde, e entón correspóndelle ao alcalde decidir, entón vostede faga rogos, paréceme ben, fágaos en todas as administracións, tamén no Parlamento de Galicia pode facer o mesmo rogo. Dende logo, esta Alcaldía, pois trataremos sempre de facer o que consideramos que é oportuno, sempre sen aumentar os gastos de protocolo, trataremos sempre de axudar ás asociacións todas, as da Habna e ás do resto de emigrantes nosos que están sobre todo en Latinoamérica que son as que teñen dificultades, non tanto no caso de Europa.*

Sr. Reboredo Baños: *Non ía intervir, pero xa que vostede fai referncia á viaxe do 2006, eu fun en representación do Concello da Estrada.*

Sr. Alcalde: *Eu fixen referencia a esa viaxe, pero non lle pedín contas Sr. Reboredo.*

Sr. Reboredo Baños: *Non, pero voulle aclarar algo, voulle facer un rogo. Quero recordar que no 2006 foi a viaxe estaba motivada polo 90 aniversario e pola presenza da Coral Polifónica Estradense que foi alí, e que esa viaxe se fixo con fondos da Secretaría Xeral de Emigración, por certo, bipartito, que puxo unha condición que tiña que viaxar polo menos un representante de cada grupo político, e viaxou este que lles fala que tiña responsabilidades de cultura, e o Sr. Gonzalo Figueiras, que era responsable do Partido Socialista, e non quixo ir á viaxe o BNG e naquel momento tamén se levou axuda humanitaria, levámoslle medicinas que se recolleron na Estrada, un ordenador e tamén estivemos coa colectividade estradense, polo tanto, agora non recordo os gastos que sumiu o Concello, pero en todo caso foron testemuñais e non foron subvencionados por esta administración.*

Sr. Alcalde: Estou pefectamente de acordo de que a Xunta de Galicia subvencione que esta xente que temos alá, pois aínda que sexa un día o pase ben, e o que hai é que ser comedidos no gasto e nada máis, nin eu nunca pedín explicacións a ese respecto nin me preocupa. O que si é certo que o que digo eu é que facer demagogia con estas cousas, para min, creo que hai moito con que facer demagogia, sen meterse con estas historias que ao fin e ao cabo o único que facemos é crear un determinado estado de opinión, que eu creo que non é o máis axeitado.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.

A Estrada, 3 de xuño de 2010
O secretario en funcións.

Asdo.: Rogelio A. Carrera Ares